

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 9 DE MARZO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día nove de Marzo de mil novecentos noventa e cinco; as sete do serán xuntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo Gonzalez Amaro e Don Xosé Prieto Pérez.- Non asiste Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Os membros da Comisión Municipal de Goberno presentes aproban, por unanimidade, o borrador da Acta da última sesión que foi celebrada o día 23 de Febreiro de 1995.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADANS.

Visto o escrito presentado por Don Raúl Fernandez Formoso, veciño desta vila, con domicilio na rúa do Ribeiro nº27 no que interesa información urbanística sobre dito inmovible, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda por no seu coñecemento a resolución do Exmo. Sr. Conselleiro de Cultura, referente o recurso ordinario interposto por D. Raúl Fernández Feroso contra a resolución do Director Xeral de Patrimonio Histórico e Documental referida á licenza para a construción dun inmovible na rúa Ribeiro nº27 de Ribadavia que di o seguinte: "Desestima-lo recurso ordinario interposto por D. Raúl Fernández Feroso o 4 de maio de 1994 e, en consecuencia, ratifica-la resolución do 21 de xuño de 1994 do Director Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, no senso seguinte. Fixarlle as seguintes condicións de edificacións: 1) Plantas: baixo mais catro.2) Altura de cornisa: 16 metros.3)Cuberta- 30° sen quebros e faldóns continuos, non superando a liña do cumio os 3,60 metros.4)Materias: tradicionais.5) Remitirase prexecto técnico para a súa aprobación".

Visto o escrito presentado por Enrique Nogueira Ferradas, veciño desta vila, con domicilio en c/ Yañez nº 28 no que solicitaba a preceptiva licencia municipal para derribo e edificación do inmovible sito na rúa Yañez nº 30 de Ribadavia, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda por no seu coñecemento o dictamen emitido pola Comisión de Patrimonio que dí o seguinte:" Débese conserva-la alzada actual do baixo e a primeira planta. Manterase o volumen actual.Pódese substituí-la galería e o balcón da 2ª planta por outra igual en morfoloxía e material. Presentara proxecto técnico axustado a estas condicións para a súa aprobación".

Visto o escrito presentado por Don Secundino Conde Madarnas, veciño de Ventosela , deste Municipio , sobre solicitude para construción de un edificio para cafe-bar-restaurante no lugar indicado de Ventosela, a Comisión Municipal de Goberno , por unanimidade acorda por no seu coñecemento o informe emitido polo Aparellador Municipal que dí o seguinte: "Leído el escrito de 3 de febrero de 1995, RE nº291, entiendo que el Sr. Conde Madarnás tendrá que iniciar el expediente para construir en suelo no urbanizable".

Visto o escrito presentado por Don Benito González Dieguez veciño da Quinza, no que prega que se lle devolva o aval bancario por importe de 200.000 pesetas constituido neste Concello co gallo da licencia de obra outorgada ó mesmo pola Comisión Municipal de Goberno o día 4 de Xuño de 1990, a Comisión Municipal de Goberno , por unanimidade acorda comunicar o interesado que como trámite previo debera repor o pavimento o seu estado original así como no punto donde se conectou a red do alcantarillado.Unha vez correxidas estas deficiencias comunicarese por escrito a iste Concello.

#### 4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno coñece os seguintes:

Partes semanais de cloración do abastecemento de consumo público do abastecemento de Sampaio e de Ribadavia, emitidos pola farmaceutica titular.

#### 5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a terceira certificación da obra "Rehabilitación edificio na rúa García Penedo (Casa Dona Nona)" por importe de

2.723.478 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención como axuda para a festa realizada co fin do carnaval as seguintes charangas: Asociación A.P.A. de Ribadavia 100.000. pesetas; Charanga 14 e o Cura de San Cristobo 150.000 pesetas; Charanga Valparaiso de Francelos 150.000.pesetas. Farase o aboamento de ditas cantidades económicas cuando as disponibilidades económicas do Concello así o permitan.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade , acorda o aboamento da factura correspondente o mes de febreiro, presentada polo asesor urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este axuntamento e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ( Delegación de Ourense), por importe de 99.000. pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura relativa o kilometraxe presentada por Don José Manuel Deaño Carballal correspondente o mes de Febreiro por un importe de 10.368 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno , por unanimidade, acorda o aboamento das seguintes facturas de gastos presentadas polo Sr. Alcalde: factura de kilomeatraxe do viaxe a Oviedo ( Confederación Hidrográfica del Norte) por un importe de 19.440 ptas.; factura de gastos no viaxe oficial efectuado a Oviedo para entrevista coa Confederación Hidrográfica por un importe de 19.089 pesetas: factura de gastos no viaxe oficial a Girona pola presentación da rota das Xudérias por un importe de 12.410 pesetas; factura de kilometraxe por viaxes oficiais dende Outubro ata Decembro de 1994 por un importe de 36.960 pesetas.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as oito e media do serán, o Sr. Alcalde, ergeu a sesión, estendéndose a presente, do cal , coma Secretario accidental , certifico.